



PLAN DIXITAL

CEIP Manuel Rodríguez Sinde

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

Datos básicos do centro

- Denominación: CEIP Manuel Rodríguez Sinde
- Domicilio: Rúa Tui s/n. A Guarda 36780. Pontevedra
- Teléfono: 886110086/88
- Código do Centro: 36003959
- Cif: Q8655424C
- E-mail: ceip.manuel.sinde@edu.xunta.es
- Páx web: www.edu.xunta.es/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/

1.1. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CEIP Manuel Rodríguez Sinde é un centro educativo situado no centro da vila de A Guarda, conta con seis unidades de educación primaria e tres de educación infantil, especialistas en música, lingua estranxeira, educación física, relixión, dúas mestras de Pedagogía terapéutica e unha mestra de Audición e linguaxe. A xefa de Departamento de Orientación é compartida co CEIP Nicolás Gutiérrez Campo.

Unha parte do alumnado procede de familias onde o pai realiza o seu traballo no sector primario, en traballos relacionados coa pesca. Outra parte, tanto a nai coma o pai adócense ao sector servizos (comercio, empregados...) Actualmente a crise afecta notablemente ás familias do centro, atopándose nalgúns casos o pai e a nai en paro. Por todo o anterior, cremos que as familias dos nosos alumnos están dentro dunha clase social media e media-baixa.

Centrándonos na liña pedagóxica, o documento que actúa como carta de presentación e responde ás preguntas de quen somos e que pretendemos ser é o noso Proxecto Educativo de centro, este expresa a estrutura organizativa, define e enumera as notas de identidade do centro e describe os obxectivos e valores que se pretenden inculcar non só ao alumnado, senon a toda comunidade educativa.

Neste documento plásmase, por un lado, os principios de sectorización, integración, normalización e individualización, e por outro, o paradigma educativo centrado no aprendizaxe e no alumno, que regulan a súa realización. A súa finalidade é concretar a estratexia educativa a desenvolver no centro para avanzar na consecución das competencias, entre elas, a que nos compete neste plan: a competencia dixital.

Por tanto, cabe dicir que dende o noso centro educativo trabállase en base a un proxecto de desenvolvemento integrado que ten como centro de partida o equipo de biblioteca. A partir do tema elixido cada ano, toda a comunidade educativa poderá realizar as actividades propostas ao longo do curso. Para tal fin, os equipos de dinamización, incluído o equipo TIC, participa na distribución de actividades e na colaboración da organización e xestión das mesmas con propostas na mellora da *competencia dixital*,

coma a utilización dos blogs nos distintos equipos de dinamización, os blogs nas aulas, o uso da aula virtual e a radio escolar, entre outras.

Por outro lado, mencionar que o centro participa nos programas de innovación educativa CP INNOVA (EDUinnova, EDUexcelencia, Edusaúde) e CP INCLUÉ (igualeT, conviveT, InclueT e emocionat). Ademais, participa no Plan Proxecta + "Nos tamén creamos!". Neste último, o alumnado do segundo ciclo de educación primaria, pasou o curso traballando a súa competencia dixital, gravando, montando e editando unha curtometraxe . Tamén mencionar o alumnado do último ciclo de educación primaria, inmersos na radio , onde gravan os seus programas e Podcast.

Respecto a contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23, teremos en conta que o Plan Dixital ten como obxectivo a dixitalización dos centros educativos, entendese pois que é a ampliación e renovación do plan TIC do dentro coa finalidade de formar á comunidade educativa en base á competencia dixital.

Partindo desta premisa, dende a dirección do centro preténdese a continuación na participación nos programas de innovación educativa, así coma na implicación do claustro na ampliación da competencia dixital mediante a utilización da aula virtual e de ferramentas dixitais. Ademais, intentarase actualizar os equipos tecnolóxicos do centro para fomentar o uso dos mesmos, como as pantallas dixitais interactivas, os ordenadores e as tabletas.

1.2. Breve xustificación do mesmo

En canto a base legislativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.3. Proceso de elaboración

Dende o Equipo de Dinamización do Plan Dixital fómonos centrando nas diferentes tarefas, realizando diferentes sesións de traballo ao longo do curso, para conseguir plasmar a realidade do noso centro educativo, partir dela e transformala.

Partimos da elección das preguntas da enquisa SELFIE, divulgámolas na páxina web do centro e recopilamos os datos. Mais tarde, axudamos ao equipo docente a realizar o TEST CDD a través das directrices aportadas polos nosos mentores ADIX.

Posteriormente, tras recopilar os datos de ámbalas dúas enquisas e asistir a formación, o equipo reúne para facer unha valoración nas taboas aportadas polos mentores. Tras esta valoración, realizamos o informe DAFO en sesións de traballo en grupo. A partir de esta ferramenta, analizamos a realidade do noso centro educativo dixitalmente falando, é dicir, focalizamos as nosas debilidades e centrámonos en delimitar uns obxectivos de traballo reais.

O noso derradeiro paso, antes da elaboración deste documento, foi reunirnos, redactar os obxectivos de acción que nós considerábamos primordiais e presentalos ante os nosos compañeiros. Unha vez que o claustro estivo conforme, reflexamos as nosas liñas prioritarias de actuación cara o vindeiro curso.

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro, equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:

Administración e profesorado

Dirección: un portátil e unha fotocopiadora.

Secretaría e xefatura: 2 PC e unha impresora.

Sala de profesores. 2 PC, unha impresora, unha fotocopiadora e un escáner.

Aulas

Educación Infantil de 3 anos (aula 11): 1 PC, un canón e un E-Beam sobre un encerado branco.

Educación Infantil 4 anos (aula 13): 1 PC e un canón.

Educación Infantil de 5 anos (aula 12): 1 PC e un canón.

Primeiro curso de primaria (aula 21): un ordenador de sobremesa, unha tablet, un canón e un EDI.

Segundo curso (aula 23): un portátil, un canón e un EDI.

Terceiro curso (aula 20): un portátil, un canón e un EDI.

Cuarto curso (aula 25): un portátil, un canón e un EDI

Quinto curso: dotación aula abalar (aula 24): un EDI, un portátil profesor/a, un canón, un netbook por alumno/a e un armario de carga.

Sexto curso: dotación aula abalar (aula 22): un EDI, un portátil profesor/a, un canón, un netbook por alumno/a e un armario de carga.

Aula de artística: un portátil, un canón e un equipo de son.

Aula de AL (aula 27B): un portátil, un canón.

Aula de PT (aula 26): Dous PC, un IPAD, un cañón, unha impresora e unha plastificadora.

Aula de convivencia: un portátil.

Orientación: un portátil.

Biblioteca: dous ordenadores, una televisión e unha impresora para xestión da biblioteca e tres ordenadores para uso dos alumnos con conexión á Internet, tres tabletas e dous libros dixitais.

Aula de Informática: Un EDI, un canón, un portátil, unha TV, dous reprodutores de DVDs, un reprodutor de vídeo e 12 ordenadores de sobremesa.

Todos os ordenadores mencionados anteriormente contan con acceso a Internet.

Despacho de inglés / Radio escolar: un portátil, mesa de mezclas, 4 micros.

Outros

3 cámaras de fotos.

dúas fotocopiadoras (almacén)

gravadora de voz dixital

equipo de son e altofalante portátil.

canón proxector portátil.

varios portátiles e ordenadores obsoletos (almacén)

Unha tableta dirección.

4 teléfonos.

Rede WIFI e por cable en tódolos ordenadores.

- Servizos dixitais educativos: O noso centro conta con servizos como a páxina web do centro, aula virtual, espazo Abalar Abalarmóbil, blog da biblioteca, blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e blog nalgunhas aulas de primaria.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: dende o equipo TICS realizan o mantemento dos equipos a través das horas de coordinación. Nas aulas de TIC e na sala de mestres temos follas de rexistro para que os diferentes mestres deixen as incidencias que logo marcamos como resoltas. Por outro lado, se é preciso, chamamos a UAC. Está contratado un técnico informático para a resolución de certos atrancos.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelrodriguezsinde/taxonomy/term/541>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,62				
	Profesorado	3,44				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,33				
	Profesorado	3,2				
	Alumnado	3,2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,27				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	2,6				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,86				
	Profesorado	2,46				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,76				
	Profesorado	3,98				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,86				
	Profesorado	3,56				
	Alumnado	2,26				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,24				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,03				
	Profesorado	3,65				
	Alumnado	3,75				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	12	75%
PROVISIONAL	3	3	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPLAZADO	3	4	75%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
55,7	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	45,1	Explorador/a (A2)	66,2	Integrador/a (B1)
PRI.	63	Explorador/a (A2)	77,3	Integrador/a (B1)

--	--	--	--

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	16,7%
A2	9	50%
B1	5	27,8%
B2	1	5,6%
C1		
C2		
TOTAL	18	100,1%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Aula Tic, Biblioteca e recunchos nas aulas.	Conectividad escasa. Espazos físicos: renovación dos equipos das aulas e da biblioteca para maior utilidade.
	PERSOAL DOCENTE	Recursos formativos en liña Os mestres e mestras utilizan as tecnoloxías no seu traballo diario co alumnado Profesorado con gran participación Case todo os mestres do centro participan nos cursos de formación dixital do uso da aula virtual Estabilidade laboral do profesorado	Tiempo para la formación Creación de recursos O profesorado non crea recursos dixitais .Avaliación Non incorporamos tecnoloxías dixitais na avaliación
	PERSOAL NON DOCENTE	Estabilidade do persoal non docente.	As coidadoras non teñen tempo para adquirir información sobre os soporte técnico de algúns alumnos con necesidades.
	ALUMNADO	Mostrase moi participativo e interesado nas TICS: uso da radio escolar, uso da aula da aula virtual para	Resolución de problemas técnicos. Falta de creación de contidos por falta

		presentación de traballos e uso de APP para creación de códigos QR ou RA.	de recursos e tempo.
	FAMILIAS	Colaborativas. Comunicación por Abalar.	Competencia dixital en xeral.
	OFERTA	Cursos formativos. Ofertades: Páxina web, Aula Virtual, Empregado de ferramentas corporativas. . Centro dunha liña educativa, o que nos permite realizar certas actividades para favorecer as destrezas dixitais.	Uso de ferramentas no corporativas. Non dispoñemos de EDIXGAL.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	.O equipo directivo fomenta o uso das TIC e ten en conta atención a diversidade na prestación de equipos Comunicación regular e organizada entre os docentes e equipo directivo?	Implicación do claustro no desenvolvemento dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Dotación económica. / PLAN DIXITAL Cursos de formación e programas ofrecidos pola consellería Recursos educativos en liña	Falta de dotación de equipos tecnolóxicos. Sobrecarga de traballo. Equipamento obsoleto.
	LEXISLACIÓN	A referente ao Plan Dixital.	
	CONTORNA	Colaboración co concello.	Conexión insuficiente. Nivel socioeconómico das familias. Acceso a conectividade e dispositivos por parte das familias. Brecha dixital.
	ANPA	Participación e colaboración moi fluída.	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Tras estudar o informe DAFO e repasar o informe SELFIE, valorando as categorías onde menos puntuación obtivo o noso centro educativo, centramos as áreas prioritarias que nos permitan determinar os obxectivos que queremos conseguir. Estes obxectivos estarán contextualizados ás áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

En relación a estas áreas delimitamos os seguintes obxectivos de actuación para o vindeiro curso académico:

- Crear actividades de avaliación con recursos dixitais
- Crear recursos en liña.
- Realizar a programación con PROENS.
- Mellorar a aula TIC.
- Dixitalizar a biblioteca como fonte de recursos.

Para cada un destes obxectivos, elaboramos unas táboas, que se poden consultar a continuación, onde indicamos a onde queremos chegar, determinamos as accións a acadar, acordamos unha temporalización e os recursos necesarios.

Área/s de mellora: G. PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN						
OBXECTIVO 1: (1)	Empregar ferramentas dixitais na avaliación (G1*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de actividades dixitais de avaliación (enquisa)					
Valor de partida: (3)	0 actividades					
Valor previsto e data: (4)	2 actividades de avaliación realizadas no 75% do profesorado			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Levar a cabo unha formación do equipo TIC en dúas ou tres ferramentas dixitais	Coordinadora Equipo TIC	Decembro de 2022	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Levar a cabo unha formación do profesorado no emprego das ferramentas	Equipo TIC Profesorado	Fin do segundo trimestre	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear por parte do profesorado actividades dixitais de avaliación.	Profesorado Equipo TIC	Fin de curso	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(E2. Creación de recursos dixitais)

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA. APOIO E RECURSOS.						
OBXECTIVO 2: (1)	Crear recursos en liña (E2*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Recursos en liña creados. (enquisa)					
Valor de partida: (3)	0 recursos en liña creados.					
Valor previsto e data: (4)	2 recursos en liña creados no 75% do profesorado.			Fin de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓ (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Levar a cabo unha formación do equipo TIC en dúas ou tres ferramentas dixitais	Coordinadora Equipo TIC	Decembro de 2022	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Levar a cabo unha formación do profesorado no emprego das ferramentas	Equipo TIC Profesorado	Fin do segundo trimestre	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Crear por parte do profesorado actividades dixitais.	Equipo TIC Profesorado	Fin de curso	Ordenadores Aula TIC Recursos en liña		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(E2. Creación de recursos dixitais)

Área/s de mellora: E. PEDAGOXÍA. APOIO E RECURSOS						
OBXECTIVO 3: (1)	Realizar as programacións didácticas mediante recursos dixitais.				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de profesorado que participa na elaboración das programacións na aplicación PROENS (enquisa)					
Valor de partida: (3)	0 profesores					
Valor previsto e data: (4)	100% do profesorado elaborou as programacións en PROENS			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Levar a cabo unha formación no uso da aplicación PROENS.	CFR/ Consellería/ Claustro	1er trimestre	APP , ordenadores e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear as programacións didácticas.	Claustro	1er trimestre	APP , ordenadores e conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C. INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO						
OBXECTIVO 4: (1)	Mellorar o funcionamento da aula TIC (C2* C14*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Alumnado e profesorado que fai uso da aula TIC (registro de asistencia)					
Valor de partida: (3)	Non ponderado					
Valor previsto e data: (4)	75% do profesorado e do alumnado fai uso da aula TIC			Fin de curso		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Modificar o sistema operativo	UAC e equipo TIC.	Finais de setembro.	Ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Coñecer o sistema operativo co profesorado e alumnado	Claustro e alumnado	Longo do curso.	Ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Realizar unha reunión para deseñar actividades de maneira conxunta.	Clautro	Longo do curso a demanda dos mestres.	Ordenadores.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(C2. Dispositivos dixitais para o ensino; C14. Espazos físicos)

Área/s de mellora: H. HABILIDADES DIXITAIS PARA O ALUMNADO						
OBXECTIVO 5: (1)	Dinamizar o emprego das TIC na biblioteca escolar como fonte de recursos de busca de información. (H12*)				Acadado	
Responsable:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de titores que utiliza o recurso para desenvolver a súas unidades didácticas. (enquisa)					
Valor de partida: (3)	0% dos titores empregan o recurso para desenvolver as súas unidades didácticas.					
Valor previsto e data: (4)	75% do profesorado empregan o recurso para desenvolver as súas unidades didácticas.			Fin de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Adquirir unha enciclopedia virtual	Equipo Tic e equipo biblioteca.	Setembro	Dotación económica.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación dun "carro móbil" de ordenadores portátiles para empréstito ás aulas	Equipo directivo e equipo TIC	Setembro	Ordenadores portátiles.-		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: desenvolver actividades que impliquen o uso da enciclopedia.	Equipo TIC e claustro.	Longo do curso.	Ordenadores portátiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4. Formar ao alumnado na consulta	Equipo TIC e profesorado.	Longo do curso.	Ordenadores portátiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestruturas tecnolóxicas: tendo en conta os obxectivos de acción plantexados e o obxectivo principal deste Plan Dixital, faise necesario solicitar as seguintes infraestruturas, xa que para fomentar o uso das aplicacións tecnolóxicas por parte dos docentes cara ao alumnado é primordial que as infraestruturas funcionen. Agora mesmo, no noso centro, a conexión a rede é limitada e dá erros con frecuencia, o que ten como consecuencias que os titores e titoras, tras preparar recursos dixitais, os deixen de lado para voltar ao material tradicional.

Por outro lado, para emprender un uso correcto e autónomo por parte do alumnado, tanto dos dispositivos como da rede, e facendo referencia ao obxectivo da dixitalización da biblioteca, consideramos necesarios que a WIFI do centro sexa eficaz.

- Infraestrutura de datos, necesidade dunha conectividade a internet.
- Conexións cableadas, sen fíos e electrónica de rede.

Equipamento

- Aulas dixitalizadas: para facilitar o acceso dos recursos en liña e as avaliacións dixitais é necesario contar con aulas preparadas.
- Uso da biblioteca e equipos ultraportátiles para aula móbil: tomar a biblioteca como base de recursos dixitais onde os titores e titoras poidan acceder a un carro móbil de ordenadores e fomentar o traballo en equipo nas aulas a través da investigación.
- Aula de informática: entendendo que queda restrinxido o horario do centro respecto a aula de informática xa que tódalas clases teñen que pasar mínimo una hora á semana por ela, é fundamental dispoñer de dispositivos útiles e actualizados que permitan cumprir os obxectivos por curso plasmados no plan TIC do noso centro.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Dende o equipo de dinamización do Plan Dixital do Centro en colaboración co Equipo Directivo, utilizarase como estratexia de difusión á comunidade educativa a través das seguintes liñas de actuación:

- Proxecto educativo de centro e a programación xeral anual.
- A través dos plans dos órganos de coordinación docente (biblioteca, TIC e Dinamización da Lingua Galega)
- Os servizos dixitais do centro, a páxina web, o espazo abalar, aula virtual e os diferentes blogs.